

BASES E CRITERIOS QUE REXEN O I CONCURSO DE TAPAS E PETISCOS "EN RIBADUMIA: TAPA O TEU BALDÓN" - TINTO 2023

1. OBXECTO.

O Concello de Ribadumia pon en marcha a primeira edición do concurso de Tapas e Petiscos: "En Ribadumia: tapa O Teu Baldón" dirixido a aqueles establecementos de hostalaría que, pertencendo ao Concello de Ribadumia, desexen participar co obxectivo de fomentar o consumo, dinamizar o sector e poñer en valor a oferta gastronómica do municipio de Ribadumia.

O presente concurso levarase a cabo sempre e cando haxa unha inscrición e participación mínima de 6 establecementos hostaleiros. En caso contrario, o concurso darase por deserto.

2. PARTICIPANTES, PRAZO E CONDICIÓNS DA INSCRICIÓN DOS ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS.

Poden participar nesta competición, os establecementos de hostalería situados no Concello de Ribadumia sempre que estean en posesión das licenzas oportunas e teñan unha oferta de petiscos, tapas, ou cociña en miniatura continuada. En caso de dúbida, a organización poderá solicitar copia da licenza administrativa.

A participación no concurso é libre e non xera gasto algún de inscrición para os participantes.

A inscrición deberá facerse polo titular do negocio hostaleiro directamente nas oficinas municipais ou no mail cultura@ribadumia.org

É imprescindible para completar a inscrición enviar o seguinte:

- Nome e dirección do establecemento
- Número de teléfono e o nome dunha persoa de contacto.
- 2 Fotografías: 1 da tapa ou petisco e outra do local.
- Ficha "técnica" do petisco, que debe conter:
 - o Nome da tapa
 - o Relación de ingredientes principais da tapa para 1 unidade.
 - o Explicación da súa elaboración
 - o Indicación de se a mesma é apta para celíacos.

O prazo límite de inscrición e de envío desta información finaliza o 28 de abril de 2023.

A inscrición neste I Concurso de tapas e petiscos "En Ribadumia: Tapa o teu baldón", supón a aceptación expresa destas bases.

3. CONDICIÓNS NA ELABORACIÓN E POSTA A DISPOSICIÓN DA TAPA POR PARTE DOS ESTABLECEMENTOS HOSTALERIOS.

Cada participante poderá participar cun único petisco neste concurso.



FIRMANTE - FECHA



Os ingredientes de cada petisco son de libre elección do participante, pero tendo en conta que este concurso englobase na programación da Festa do Viño Tinto de Barrantes e exaltación das variedades autóctonas 2023 e polo tanto, valoraranse os petiscos que mariden con viño tinto de Barrantes ou calquera outro viño das variedades autóctonas tintas.

O prezo de custo de cada petisco será de 1,50 € (un euro e cincuenta céntimos) que deberá cobrar o establecemento participante no concurso.

4. PUBLICIDADE DO CONCURSO.

A organización enviará a cada establecemento participante o material promocional que deberá colocar en lugares visibles do local, así como as enquisas para valoración dos petiscos que cada establecemento deba entregar os clientes con cada tapa servida.

Tamén se organizará unha campaña publicitaria do concurso nas redes sociais tanto do Concello de Ribadumia, como da Festa do Viño Tinto de Barrantes.

O establecemento participante poderá publicitar a súa participación no I Concurso de tapas "Tapa o teu Baldón", por exemplo en redes sociais, cartelería no establecemento, etc.

5. PRAZO DE POSTA A DISPOSICIÓN Á CLIENTELA DA TAPA OU PETISCO OFERTADO POLO ESTABLECIMENTO CONCURSANTE.

Os establecementos hostaleiros participantes deberán ofrecer o petisco ou a tapa co que participan no concurso, nas barras ou mesas dos seus locais dende o 17 ao 21 de maio (5 días).

6. VALORACIÓN DAS TAPAS SERVIDAS Á CLIENTELA DO ESTABLECIMENTO.

Unha vez solicitada a tapa por parte do cliente, o establecemento entregará a enquisa de valoración, no caso de que o cliente non dispoña dunha.

A enquisa incluírá na parte dianteira unha relación de todas as tapas ou petiscos servidos polos establecementos participantes no concurso co espazo reservado para a valoración e un espazo para o selar polo establecemento.

Cada vez que un cliente solicite unha tapa nun dos locais participantes, debe selarse a enquisa polo establecemento.

A enquisa será cumprimentada polo cliente co nome e apelidos, teléfono de contacto e valoración da tapa atendendo aos seguintes criterios:

CSV: 07E70004A92000C6Q8E9U8E6W2



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E70004A92000C6Q8E9U8E6W2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 14/04/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/04/2023 14:41:44

EXPEDIENTE :: 2023308
23000008
Fecha: 09/02/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO
GENERAL



- Presentación e estética: produto, montaxe, colorido, espectacularidade e disposición do petisco (máximo 5 puntos.)
- Orixinalidade e técnica: novidade da proposta, enxeño, orixinalidade (máximo 5 puntos.)
- Valores gastronómicos: gusto, retrogusto, sabor, contraste, matices... (máximo 5 puntos.)

A enquisa debidamente cumprimentada será depositada nunha urna que se estableza o efecto por parte do establecemento participante. As urnas serán recollidas pola organización unha vez finalizado o prazo establecido a efectos de valorar as tapas e petiscos.

Só serán validas as enquisas que conteñan os datos do cliente (nome e teléfono de contacto) e nas que se inclúan alomenos a valoración de 3 dos petiscos presentados a concurso.

7. VALORACIÓN FINAL DAS TAPAS E PETISCOS SERVIDOS.

A puntuación final do concurso virá determinada por:

- 50% da valoración dun xurado externo ao concello constituído por tres persoas que visitaran de xeito anónimo todos os establecementos participantes no concurso.
- 50% da valoración outorgada pola clientela participante no concurso e que cumprimentaron debidamente as enquisas, valorando como mínimo, 3 das ofertas de tapas ou petiscos que ofrecen os establecementos participantes neste concurso.

A organización fará o recuento dos puntos que obtivo cada tapa ou petisco servido polos establecementos.

No caso de que a organización atope varios clientes valorando unha mesma tapa, estas puntuacións quedarán fora das valoracións outorgadas por estar repetidas.

O fallo do xurado será inapelable.

8. PREMIO AOS CLIENTES QUE PARTICIPEN NAS ENQUISAS DE VALORACIÓN EN TODOS OS ESTABLECEMNTOS PARTICIPANTES NO CONCURSO.

A clientela participante na valoración de todas as tapas ou petiscos ofertados dentro deste concurso, entrarán coa valoración de cada tapa, no sorteo de dúas entradas (vasloradas en 60 euros), para asistir ao Xantar da Confraternidade que se celebra o sábado día 3 de xuño no Pavillón de Barrantes con motivo da celebración da L Festa do Viño Tinto do Salnés e exaltación das variedades autóctonas. Unicamente haberá un gañador.

A comunicación do premio farase chamando ao teléfono que figura na enquisa de valoración das tapas e petiscos.

9. INFORMACIÓN BÁSICA DE PROTECCIÓN DE DATOS.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E70004A92000C6Q8E9U8E6W2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 14/04/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/04/2023 14:41:44

EXPEDIENTE :: 2023308
23000008
Fecha: 09/02/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO
GENERAL

CSV: 07E70004A92000C6Q8E9U8E6W2





CONCELLO DE
RIBADUMIA

Os datos persoais dos establecementos e clientes participantes serán tratados polo Concello de Ribadumia, coa finalidade de xestionar a inscrición, proceso, valoracións e sorteos do I Concurso de tapas e petiscos "En Ribadumia: Tapa o teu baldón".

Os datos obtidos na inscrición dos establecementos participantes no concurso poderán ser empregados a efectos de publicidade en medios propios do organizador e a efectos da elaboración das enquisas de valoración proporcionadas para o concurso. En ningún caso de empregaran os datos persoais e de teléfono.

Este tratamento de datos é necesario para xestionar a inscrición e participación no I Concurso de tapas e petiscos "En Ribadumia: Tapa o teu baldón". Serán conservados durante os prazos de prescrición marcados na lei.

10. PREMIO AO ESTABLECEMENTO GAÑADOR Á MELLOR TAPA OU PETISCO DO CONCURSO.

O gañador do I Concurso de tapas e petiscos "Tapa o teu baldón" será premiado con 200€ e un diploma de recoñecemento.

Os premios caducarán aos tres meses da súa entrega e non poden ser obxecto de cambio, nin cederse a terceiros.

Ribadumia, 11 de abril de 2023.

Asdo. David. J. Castro Mougán.

Alcalde- Presidente



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E70004A92000C6Q8E9U8E6W2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 14/04/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/04/2023 14:41:44

EXPEDIENTE :: 2023308
23000008
Fecha: 09/02/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO
GENERAL

CSV: 07E70004A92000C6Q8E9U8E6W2

